



## DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará na Casa de Cultura de Valdoviño (no canto do Salón de Sesións da Casa Consistorial por razón derivadas do COVID-19), o vindeiro **XOVES, día 07 de OUTUBRO/2021 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

### ORDE DO DÍA

#### I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas de sesións anteriores: 05.08.21 (Ordinaria), 19.08.21 (Extraordinaria e urxente) e 16.09.21 (Extraordinaria e urxente).

2º.- Aprobación expediente modificación de crédito mediante suplemento de crédito núm. 21/2021 MCSC financiado con remanente de tesoureiría para gastos xerais de libre disposición.

3º.- Resolución de prórroga de contrato baseado no Acordo marco para a contratación do subministro de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP.

#### II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos nos meses de xullo e agosto de 2021.

5º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE